

1808-1863

PROVINCIALISMO: primeiro movemento político galeguista, xurdido arredor de 1840, e que tiña como obxectivo a recuperación de Galiza como provincia única e con capacidade de decisión sobre a súa administración económico-productiva e cultural-lingüística. As seguintes fases do galeguismo serán o Rexionalismo (1880), o Nacionalismo (1918) e o Independentismo (desde 1960s).

PRERREXURDIMENTO: período literario que abrangue a recuperación da escrita en galego previa ao Rexurdimento. Iníciase cos textos propagandísticos de concienciación popular (1808) e remata coa publicación do primeiro libro completamente en galego da época Moderna (1863).

0. Contexto sociopolítico

A chegada do século XIX supón en Occidente o fin do Antigo Réxime e a chegada da economía capitalista, que da lugar á sociedade capitalista e que terá un marco perfecto na política constitucional e parlamentaria: un estado liberal! En Galiza, o cambio apenas tivo repercusións reais, pois coas desamortizacións as terras pasaron do clero á burguesía e fidalguía (co que o campesiñado seguía a ter que pagar por traballar e vese explotado con máis impostos). Ademais, a agricultura producía moi pouco (sistema foral, impostos, pouca variedade) e a industria era moi escasa (conserveiras contra finais de século e en mans foráneas), o que unido á transición demográfica (diminúe a mortalidade e a natalidade segue bastante alta) vai motivar a emigración (primeiro a Castela, logo a América: *“este vaise i aquel vaise/ e todos, todos se van”*, diría Rosalía anos despois). Aparece neste contexto a figura do cacique: mediador entre a clase traballadora e o poder, que se aproveita da debilidade do primeiro grupo para acadar poder propio grazas ao seu contacto co segundo. Hai varios feitos históricos concretos que van levantar movementos de defensa popular:

- ✓ Ataques dos exércitos napoleónicos (1808-1814): durante a ‘guerra contra o francés’ (ou guerra de independencia española) prodúcese levantamentos nacionais (cuestión: de raigame galega ou española?) en defensa da soberanía local e do rei Fernando VII. Escríbense **follos soltas ou xornais propagandísticos** alentando a loita, entre os cales aparecen algúns en galego: chaman á defensa do campesiñado, exaltan ideas liberais...
- ✓ División provincial (1833): consumou un centralismo que xa se intuía desde a primeira Constitución de Cádiz (1812) e que centralizaba a administración e dividía o territorio homoxeneamente en provincias. Barreiro Fernández denomínoa “modelo napoleónico-centralista”. No caso de Galiza, formáronse artificialmente as catro provincias que hoxe mantemos, pois desagregouse a franxa oriental que pasou a formar parte administrativa de León, Zamora e Oviedo, e non existiu dende aquela un organismo superior que as integrase e recoñecese a unidade galega (até ese ano funcionaban as Xuntas do Reino de Galiza). Esta **división anticultural fai rabiar a parte da intelectualidade galega**... por iso van facer xermolar o chamado Provincialismo.
- ✓ Mártires de Carral (1846): a derrota, persecución e axustizamento do Levantamento de 1846 (incluíndo o fusilamento do xeneral Solís ou o exilio de Antolín Faraldo e Francisco Añón) fai **agudizar o compromiso do movemento provincialista**, que cada vez suma máis seguidores no eido cultural.
- ✓ Banquete de Conxo (1856): acto de confraternización no que se xuntan figuras políticas provincialistas con xente estudante que serán grandes literatos en anos posteriores: Rosalía de Castro, Eduardo Pondal, Manuel Murguía... Quizais foi o **punto de unión entre Precursores e Rexurdimentistas**. A carballeira de Conxo foi rodeada de soldados mentres durou o xantar: Aurelio Aguirre e Pondal, cos discursos máis revolucionarios, foron acusados de sediciosos e ateos, e ameazados con seren deportados a unha illa no Pacífico.
- ✓ Jocs Florals (1859): **certame literario da Renaixença catalá** contra a hexemonía da literatura en castelán. A existencia de actitudes de confrontación ante un mesmo problema estimula a intelectualidade galega.

1. Contexto sociolingüístico

O uso do castelán aumentou, e diminuíu en boa medida o número de monolingües en galego, froito do sistema social que se ía xerando. Axentes deste proceso:

- * **Administración:** uso único do castelán como idioma das leis, xuízos, funcionamento dos concellos, etc.
- * **Ensino:** educación centralizada polo Estado por primeira vez coa Lei Moyano (1857) que pretendía a universalización do ensino primario.
- * **Sacerdocio:** saída importante para as familias labregas, que mandaban un fillo estudar aos seminarios como xeito de sacalo da miseria. Á igrexa éralle útil a función desta clase social como reforzo ante a nova situación, mais de todos xeitos sometía a un proceso de desclasamento os mozos no que tería un papel primordial o facerlles abandonar o idioma galego e tomar o 'prestixioso' castelán.
- * **Urbanización:** comezou o proceso e, inda que a finais de século (1900) só arredor do 10% era poboación urbana (o dobre en 100 anos antes), o castelán era o idioma de ascensor social (co que se falaba coa clase alta foránea ou castelanizada).
- * **Burguesía:** era foránea, e a pouco que houbo galega nunca tivo vinculación cos movementos galeguistas porque "tiñan medo de perder o mercado español" (segundo Mariño Paz). A fidalguía segundona foi castelanizada como consecuencia da vida académica e/ou do desempeño de funcións consideradas socialmente importantes.
- * **Emigración:** grandes fames nos 1850 (atraso agrario, só algunhas industrias conserveiras, atraso na chegada do tren... burguesía foránea e clasista) e consecuente necesidade de aprender castelán en lugares de destino, retorno co castelán como lingua de instalación, e as seguintes xeracións xa castelanoparlantes.

2. Reivindicacións provincialistas

O galeguismo aparece no século XIX retomando as ideas de defensa da lingua do Padre Sarmiento (XVIII) e, inda que non tomará un corpus teórico sólido nin constituiu unha alternativa política real no momento, sentou as bases para o avance. O movemento provincialista nace arredor do ano 1840 formado por mozos universitarios (Antolín Faraldo, Francisco Añón, Neira de Mosquera; logo xa Rexionalismo con Alfredo Brañas ou Murguía) con inquietudes culturais e literarias e cos obxectivos de **modificar a consideración do idioma, ampliar as súas áreas de uso** e avanzar na **fixación dunha variedade culta unificada** (norma escrita e gramática). En xeral, realizan un labor de prestixiar a lingua propia coma o que fixeran portugués ou castelán nos séculos anteriores:

- ✓ Argumentouse: a orixe latina do idioma, a produción literaria medieval (até entón descoñecida pero que constitúe un importante argumento de autoridade), o parentesco co portugués, a identificación colectiva dos galegos e a capacidade para crear obras de todo tipo.
- ✓ Debateuse o modelo de ortografía (reintegracionismo VS isolacionismo) tendendo máis á segunda postura polo coñecemento que tiñan os precursores da gramática castelá (ll, ñ, acentuación "á española", hiperenxebrismos, castelanismos, dialectalismos na escrita...)
- ✓ Colaboracións na prensa galega e tertulias nesta dirección. Chama a atención que os precursores desta ideoloxía fosen liberais de Santiago e A Coruña principalmente e que **utilizaban o castelán como lingua vehicular para trasladar a súa reivindicación do galego**, mais é certo que eran os que tiñan tempo e ferramentas de estudo para facelo pola súa condición social e que o campesiñado que falaba galego non tiña nin tempo nin medios para meterse en tal lea. Xente como Fernández Neira, Fandiño, Pardo de Andrade, Acuña ou a 'Gazeta Marcial y Política de Santiago' apoiaban esta defensa do idioma.

3. Prerrexudimento: textos precursores

1838: *Historia de Galicia* (Verea y Aguiar → primeiro ensaio histórico co foco no país)

1841: *Apunte para la Historia de la Literatura Gallega* (Neira de Mosquera)

1849: *A Casamenteira* (1812-1849, Benito Fandiño → primeira obra teatral en galego, breve popular-costumista-comedia)

1853: *A gaita gallega* (XM Pintos → reflexión lingüística en verso (bilingüe co castelán)

1861: Xogos Florais (A Coruña e Pontevedra) → certames poéticos que promovían o galego (publican o *Álbum de la Caridad*: participan Añón con 'A Galicia', Pondal con 'As campanas de Anllóns', Rosalía con ...)

1863: *Cantares gallegos* (Rosalía de Castro → primeiro libro completamente en galego moderno)

1863: Dicionario gallego-castellano (Francisco Javier Rodríguez)

1865: *Historia de Galicia* (Benito Vicetto)

1865: *Historia de Galicia* (Manuel Murguía)

1868: Gramática gallega (Saco Arce) → o máis destacado! Criterio historicista e comparatista. Presenta como modelo a fala popular.

1876-1888: O tío Marcos d'a Portela → periódico de publicación quincenal/semanal que chegou a tirar 4.000 exemplares por edición (hai que sumar outras publicacións periódicas monolingües da época como *O galiciano*, *A tía Catuxa*, *A Monteira*, *A tía Canicouva*, *As Burgas...*)

1886: *Los precursores* (Manuel Murguía) → ensaio literario

1891: Xogos Florais de Tui → primeiros discursos públicos en galego, M. Murguía e A. Brañas

4. Precursores: grandes autorías

- NICOMEDES PASTOR DÍAZ (Viveiro, 1811 > Mondoñedo>Compostela>Madrid)

Importante político a nivel estatal (ministro, reitor en Madrid, embaixador en Lisboa, membro da RAE), xornalista, e literato poético: *Alborada* (1828) e *Égloga de Benito e Belmiro* (1812-1878), de estilo clasicista no formal, romántico e paisaxístico no temático.

- FRANCISCO AÑÓN (Serra de Outes, 1812 > Compostela>Lisboa>Francia>Italia>Sevilla>Madrid)

Recordos da infancia (1845, égloga), *Hymno dos povos* (1846), participación nos Xogos Florais co seu afamado poema 'A Galicia' (1861, primeira imaxe dunha Galiza durmida durante séculos e que hai que erguer, que ten forte impregnación nas poetas do Rexurdimento): poéticas de 'himnos', costumista, de circunstancias, humorística, elexíaca en diferentes publicacións periódicas (o normal daquela). A súa loa do progreso e o ton anticlerical xeral son os que o van encumiar como 'guía do pobo' para Curros na súa segunda obra. A súa militancia provincialista obrigouno a vivir no exilio a maior parte da súa vida (1846-1878). Dedicóuselle o Día das Letras Galegas de 1966 (o 3º!).

- ALBERTO CAMINO (Ferrol, 1820 > Compostela>Madrid)

Ningunha obra completa conservada en galego (ao parecer mandou queimar moitas cousas que escribira: villancicos e elexías como 'Nai chorosa' ou 'O desconsolo').

- XOAN MANUEL PINTOS (Pontevedra, 1811 > A Coruña>Compostela>Cambados>Vigo)

Publica un único libro que é imprescindible para concibir este período, unha obra trilingüe (parrafeo en latín-castelán-galego) con vocación pedagóxica (texto de aprendizaxe da lingua e concienciación): *A gaita gallega* en 1853: o tamborileiro fala español, o gaiteiro fala galego. Pelexa de galos con boa representación da **diglosia** xa presente logo dos Séculos Escuros. Até inclúe un breve dicionario para entender algúns termos galegos. Ademais, ten un amplo número de poemas soltos (tres églogas, contos de aldea) e moitas colaboracións en publicacións da época chamando a escribir en galego (importante gramático e latinista). Para Carvalho Calero "Pintos é realmente o gran precursor".

5. Conclusións

Pasados os Séculos Escuros, nos que a fala do pobo foi a que mantivo viva a lingua galega, no XVIII mostráronse as primeiras reivindicacións do idioma (Padre Sarmiento) e no XIX xurdiron moitas máis voces xunto ao nacemento do galeguismo. As trancas do Estado español fallaran, pois **o galego parecía que volvía levantarse e recuperar os seus usos formais** (literatura, xornais, discursos públicos). Mais **a diglosia criada neste período da Historia contemporánea non a curaríamos inda hoxe** (con outras características a carón dos tempos, claro). Aspectos a destacar:

- Mariño Paz di que “a nobreza galega baixomedieval non deu mostras convincentes de estar interesada en dotar de contido político real a expresión ‘Reino de Galicia’ e, en definitiva, non o fixo”, o cal facilitaría a papadura por parte da Coroa española (XV)
- a “invención” da nomenclatura ‘séculos escuros’ (H. Monteagudo): o termo non apareceu até entrado o XX despois da guerra... (repaso da historia para afondar na idea de que o que non existía era un “sistema literario propio” pola realidade do contexto) (XVI-XVIII)
- non caer no reduccionismo: publicáronse cousas e a literatura oral estivo viva sempre, do contrario hoxe non estaríamos nesta clase (H. Monteagudo) (XVI-XVIII)
- mitos do atraso creados polo discurso españolista? combater fakenews históricas e actuais
- **a importancia das fases do galeguismo para o idioma!** (XIX)
- **a importancia do estudo académico como xeito de recoñecerse na historia** (XIX)
- **a importancia do xornalismo como vía de normalización para o pobo!** (XIX)
- **a importancia das iniciativas culturais para promover a lingua** (XIX)
- **a calidade poética das primeiras obras do Rexurdimento para sentar base literaria** (XIX)